Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites oportunos para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, así como a reposición das prazas e servizos amortizados no centro sanitario

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15655 (10/PNC-001349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de atención ás persoas en listas de espera para unha avaliación, así como para a materialización das axudas recoñecidas ao abeiro da Lei de dependencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15663 (10/PNC-001350)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa desaparición dun mozo residente na localidade de Bolsón e a situación que está a padecer o pobo mapuche en Arxentina

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15665 (10/PNC-001351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico, así como a transferencia a Galicia das competencias en materia de tráfico, seguridade viaria e pública

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15702 (10/PNC-001352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución do proxecto de construción do Centro de Alta Resolución de Lalín

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15753 (10/PNC-001353)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun portal do voluntariado de protección civil que permita levar a cabo xestións, consultas e actuacións, así como coñecer polo miúdo as actuacións, programas e proxectos da Xunta de Galicia nese ámbito

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15754 (10/PNC-001354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun marco regulador para os convenios e protocolos de colaboración intermunicipais de axuda mutua en materia de Policía Local, así como para favorecer as posibles asociacións de concellos para o desempeño mancomunado do servizo de protección civil

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Asignación a nova comisión e publicación do acordo

- 6061 - 15571 (10/PNC-000600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei da área metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia do seu lugar de procedencia

BOPG nº 83, do 15.03.2017

A Mesa acorda a reasignación, solicitada no doc. núm. 15571, á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

- 6348 - 15572 (10/PNC-000639)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o asentamento de industrias no medio rural

BOPG nº 83, do 15.03.2017

A Mesa acorda a reasignación, solicitada no doc. núm. 15572, á Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 13347 - 15669 (10/PNC-001250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia para potenciar a formación da lingua galega para adultos

BOPG nº 166, do 31.08.2017

Comisión 4ª, Educación e Cultura

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 15669.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Martín Fernández Prado, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Cristina Romero Fernández, José González Vázquez, Sandra Vázquez Domínguez e Guadalupe Murillo Solís** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de acordar cando antes a convocatoria da comisión de seguimento do Plan de urxencia polas demandas das cláusulas chan.

Exposición de motivos:

O pasado 25 de maio, o Consello Xeral do Poder Xudicial aprobara a especialización de 54 xulgados para coñecer dos litixios polas cláusulas chan –un por provincia na península e un en cada unha das principais illas-, que a partir do 1 de xuño asumirían o coñecemento, de xeito exclusivo e non excluín-te, dos litixios relacionados coas condicións xerais incluídas en contratos de financiación con garantías reais inmobiliarias cuxo prestatario sexa unha persoa física.

A medida acordada polo Consello Xeral do Poder Xudicial no denominado “plan de urxencia” contemplou que os xulgados especializados de quince grandes cidades (Málaga, Sevilla, Zaragoza, Las Palmas de Gran Canaria, Valladolid, Toledo, Barcelona, Alicante, Valencia, A Coruña, Vigo, Palma, Madrid, Murcia e Bilbao) contarán dende o seu inicio cun xuíz en función de substitución e reforzo de entre os xuíces en prácticas da 67ª promoción da Escola Xudicial, así como o persoal ao servizo da Administración de xustiza e letrados da Administración de xustiza que consonte ao plan de urxencia determinou en distintos niveis en atención ao volume de asuntos.

Deste xeito, na Comunidade Autónoma de Galicia, o Consello Xeral do Poder Xudicial especializou un xulgado en cada provincia, a saber: o xulgado de primeira instancia nº

7 da Coruña, o nº 2 de Lugo, o nº 4 de Ourense e o nº 14 de Vigo, coas correspondentes medidas en función dos niveis que distinguía o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial que serve de soporte a plan de urxencia de especialización de xulgados en materia de cláusulas adoito.

Concretamente, nos xulgados especializados que non superasen a entrada de 400 asuntos nesta materia, a medida consistía de maneira inicial na exención de repartición de asuntos ordinarios; e naqueles xulgados especializados cunha entrada entre 400 e 900 asuntos, integrárase coa dotación de persoal xudicial e auxiliar que describe o plan, que é o que aconteceu nos xulgados de Primeira Instancia nº 7 da Coruña e núm. 14 de Vigo.

A día de hoxe, a entrada de litixios na materia que están a rexistrar os xulgados especializados nas provincias da Coruña e Vigo excede os 900 asuntos, polo que comprendería a revisión das medidas adoptadas consonte as dotacións propostas no plan de urxencia do Consello Xeral do Poder Xudicial.

É por isto que cómpre avaliar, na canle institucional establecido para isto, a evolución das medidas actuais e a adopción, de ser o caso, das novas medidas que resulten procedentes.

Polo tanto, e de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a solicitar do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Ministerio de Xustiza a convocatoria urxente da comisión de seguimento do Plan de urxencia polas demandas das cláusulas chan, co obxecto de valorar as medidas de reforzo precisas á vista do actual volume de entrada de asuntos nos xulgados”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Pedro Puy Fraga na data 08/09/2017 18:25:51

Paula Prado Del Río na data 08/09/2017 18:26:07

César Manuel Fernández Gil na data 08/09/2017 18:26:25

Jaime Castiñeira Broz na data 08/09/2017 18:26:30

María Guadalupe Murillo Solís na data 08/09/2017 18:26:38

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/09/2017 18:26:45

Marta Novoa Iglesias na data 08/09/2017 18:26:56

Antonio Mouriño Villar na data 08/09/2017 18:27:07

María Isabel Novo Fariña na data 08/09/2017 18:27:16

Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2017 18:27:25

Martín Fernández Prado na data 08/09/2017 18:27:34

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/09/2017 18:27:43

Sandra Vázquez Domínguez na data 08/09/2017 18:27:51

Jacobo Moreira Ferro na data 08/09/2017 18:28:01

José González Vázquez na data 08/09/2017 18:28:09

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/09/2017 18:28:30

Gonzalo Trenor López na data 08/09/2017 18:28:37

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Marta Rodríguez Arias, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e Soraya Salorio Porral** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polas últimas actuacións dos propietarios do Pazo de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural, desatendendo as súas obrigas legais.

Exposición de motivos:

No ano 2008, e á vista dos informes emitidos polo Consello da Cultura Galega e a Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, a Xunta declarou as Torres de Meirás, máis coñecidas como Pazo de Meirás, Ben de Interese Cultural (B.I.C.), coa categoría de sitio histórico (Decreto 299/2008, do 30 de decembro, D.O.G. de 21 de xaneiro).

Como recolle literalmente dito Decreto, os anteditos organismos valoraron a oportunidade da declaración das Torres de Meirás como B.I.C. pola “súa destacada importancia como lugar de memoria, reflexo dun pasado burgués, cosmopolita, nobiliario e político, indubidablemente asociado con dúas personalidades históricas de gran notoriedade: a eminente escritora galega Emilia Pardo Bazán, unha das máis salientables representantes españolas do naturalismo literario, e a figura de Francisco Franco, xefe do Estado español durante 40 anos”.

As Torres de Meirás, “fantasía persoal de Emilia Pardo Bazán, un soño ou recreación arquitectónica que está moi unida a súa figura e personalidade e que é, incluso, soporte das súas ficcións literarias”, foi transmitida gratuitamente en 1938 a Francisco

Franco, quen o aceptou en plena Guerra Civil como “regalo” e para convertelo na súa residencia veraniega.

Contradicindo á propaganda oficial da época, a historiografía contemporánea ten atopado documentos que indican que a cesión de recursos e propiedades non foi o resultado da acción voluntaria da cidadanía da provincia da Coruña senón da presión de falanxistas e autoridades franquistas da época no contexto social de 1938.

Como resultado da forma xurídica de negocio privado e entre particulares (a pesares da demostrada intervención de organismos públicos, como a propia Deputación Provincial coruñesa, na operación de compra e posterior doazón) coa que se materializou a adquisición por parte de Francisco Franco, na actualidade a propiedade permanece no patrimonio dos seus herdeiros.

Herdeiros que, primeiro, trataron de evitar xudicialmente a declaración pública das Torres de Meirás como B.I.C. e que desde que dita declaración é firme teñen sido obxecto de múltiples críticas derivadas da dificultade que existe para que a cidadanía poda acceder ás Torres como prevé a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia. Un incumprimento da normativa que ten levado á Xunta de Galicia a sancionar aos propietarios trala instrución do correspondente expediente administrativo.

Adicionalmente, os propietarios das Torres teñen delegado a xestión das visitas nunha Fundación, a Fundación Nacional Francisco Franco, que, contradecendo a finalidade legal e os obxetivos da apertura dun BIC ao acceso público, ten proclamado públicamente a súa intención de transformar a visita a un edificio de evidente interese cultural nun intento, nas súas propias verbas, de “mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco”. Unha intención de máis que dubidoso encaixe na vixente legalidade democrática a expensas do que, no seu caso, poidan establecer os tribunais de xustiza.

O valor histórico e cultural das Torres de Meirás; o seu elevado carácter simbólico; o incumprimento da normativa de acceso aos BIC; as circunstancias que fixeron posible a súa adquisición a título privado polo Xefe de Estado dunha Ditadura que durou 40 anos; así como a declarada intencionalidade de converter as visitas públicas ao Pazo nunha homenaxe a Franco fan necesario plantexarse a incorporación das Torres de Meirás ao patrimonio público, sempre respectando a legalidade vixente.

Unha incorporación que podería materializarse máis sinxelamente, en primeiro lugar, se os titulares da propiedade fixesen algo tan simple como asumir os estándares

actuais aplicados ás doazóns de bens ao Xefe de Estado de España ou a calquera outra autoridade pública: son inmediatamente incorporados ao patrimonio público. Existen diversas formas xurídicas coas que materializar esta operación de cesión ao patrimonio público, para o que só sería necesario a favorable predisposición duns propietarios que, ata o momento e por varias canles, non a teñen manifestado.

Por elo, e tendo en conta todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumíu no ano 1938”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/09/2017 17:31:02

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/09/2017 17:31:08

Paula Prado Del Río na data 11/09/2017 17:31:28

Marta Rodríguez Arias na data 11/09/2017 17:31:47

Alberto Pazos Couñago na data 11/09/2017 17:32:06

Jacobo Moreira Ferro na data 11/09/2017 17:32:17

Antonio Mouriño Villar na data 11/09/2017 17:32:31

[Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63](#)
[15701 Santiago de Compostela](#)
[T. 981 551 510 F. 981 551 422](#)
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

María Isabel Novo Fariña na data 11/09/2017 17:32:41

María Julia Rodriguez Barreira na data 11/09/2017 17:32:50

César Manuel Fernández Gil na data 11/09/2017 17:33:03

Carlos Enrique López Crespo na data 11/09/2017 17:33:11

Teresa Egerique Mosquera na data 11/09/2017 17:33:22

Maria Antón Vilasánchez na data 11/09/2017 17:33:37

Carlos Gómez Salgado na data 11/09/2017 17:33:44

Moisés Rodríguez Pérez na data 11/09/2017 17:33:55

María Soraya Salorio Porral na data 11/09/2017 17:34:19

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noela Blanco Rodríguez, e dos seus deputados, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Ás xeadas de abril, que arrasaron boa parte dos viñedos de Ourense, e a forte seca que está poñendo nunha situación crítica aos gandeiros, sumáronselles agora as fortes tormentas do pasado 27 de agosto cando o pedrazo volveu caer afectando a varias comarcas desta provincia. Ás perdas ás que terán que facer fronte os viticultores, que as organizacións agrarias calculan xa que ascenderán a máis de catorce millóns de euros, hai que engadirlle que en moitos casos este ano non terán ningún ingreso, e si un incremento dos gastos de entre un 10 e un 15 % para coidar a segunda brotación das vides tralas xeadas.

Pero a difícil situación económica para o agro da provincia de Ourense esténdese tamén á zona de montaña, onde as tres principais producións (castaña, gandería de carne e apicultura) víronse afectadas tamén este ano como consecuencia das xeadas e da forte seca.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Poñer en marcha axudas directas por superficie para os viticultores afectados polas xeadas e pola sarabia, que inclúan tanto a compensación polas perdas da produción prevista para este ano, como as medidas precisas que permitan a súa plena recuperación no seguinte ciclo produtivo.

 Grupo Parlamentario

2ª) Establecer liñas de crédito do Igape para que as explotacións gandeiras e vitícolas poidan facer fronte aos gastos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Poñer en marcha un plan urxente consensuado coa Fegamp, organizacións ecoloxistas e agrarias, con medidas concretas para loitar contra a seca.

4ª) Dirixirse o Goberno de España para que lle solicite:

a) A bonificación por parte do Ministerio de Traballo do 90 % das cotas á Seguridade Social dos viticultores e gandeiros afectados polas xeadas e a sarabia.

b) A redución por parte do Ministerio de Facenda dos módulos para os sectores afectados.

c) A declaración de zona catastrófica nas zonas nas se dean as condicións requiridas para iso.

Pazo do Parlamento 1 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/09/2017 12:55:50

Raúl Fernández Fernández na data 01/09/2017 12:55:59

José Antonio Quiroga Díaz na data 01/09/2017 12:56:07

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/09/2017 12:56:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/09/2017 12:56:25

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos.

No mes de xullo a primeiros, este grupo parlamentar En Marea tivo coñecemento da decisión do Ministerio de non custear a designación de ningún xuíz substituto no resto do ano 2017, tal e como confirmou o Director Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza nunha reunión en Madrid coas organizacións sindicais.

No mes de agosto o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña deixou de funcionar con normalidade por mor das vacacións da persoa titular, que non foron cubertas por medio dunha substitución.

Agora vimos de saber que o xulgado de Violencia de Xénero de Vigo, o outro especializado en toda Galicia xunto co da Coruña, pedira ao TSXG, no mes de xullo, unha persoa maxistrada de apoio para analizar o elevado número de casos de violencia machista que ten de tramitar e o grave perigo para a vida das mulleres das denuncias tramitadas.

En Vigo e na Coruña, as dúas cidades con máis poboación de Galicia, o caso é especialmente grave posto que ademais de ser os xulgados especializados, tramitan un elevado número de casos e xa se produciron 6 asasinatos de mulleres en Galicia, 3 deles en Vigo.

Por todo o exposto, o grupo parlamentar EN MAREA presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Goberno do Estado español para:

- 1.- Consignar un apartado específico de dotación orzamentaria para proceder ao nomeamento de xuíces/zas substitutas/os para o que queda de ano, que permitan atender as situacións de colapso máis urxentes e aquelas que teñen impacto específico na loita contra a violencia de xénero;
- 2.- Dotar dunha asignación extraordinaria para nomear provisionalmente dúas persoas maxistradas para desatascar os problemas en concreto dos xulgados de Violencia de Vigo e da Coruña.
- 3.- Dotar dunha asignación económica complementaria ás CCAA para o nomeamento de persoal funcionario de reforzo.
- 4.- Facer previsións realistas nas que se recollan con amplitude a dotación orzamentaria dedicada a Xustiza, o seu persoal e ao seu funcionamento garantido un servizo áxil de calidade.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 01/09/2017 13:26:15

Carmen Santos Queiruga na data 01/09/2017 13:26:19

Paula Quinteiro Araújo na data 01/09/2017 13:26:26

Paula Vázquez Verao na data 01/09/2017 13:26:33

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Recentemente rematou o período de exposición pública do Estudo de Impacto Ambiental Simplificado da Planta de valorización e almacenamento de residuos industriais e urbanos non perigosos na parroquia de Oseiro, no concello de Arteixo.

É un máis dos diversos proxectos de plantas de tratamentos de residuos industriais que se están a promover en Galiza e que teñen en común que procuran ubicacións que maximicen os beneficios empresariais pero que, pola contra, non teñen as condicións necesarias suficientes para garantir a protección ambiental e o benestar das persoas.

Neste caso as características da planta fan necesario, como mínimo, que a avaliación ambiental sexa ordinaria e non simplificada.

O documento da empresa presenta numerosas deficiencias:

a) Á vista do contido do documento ambiental presentado pola entidade promotora, Gesmaga, é claro que o mesmo NON se axusta aos mínimos esixidos polo art. 45 da Lei 21/2013, porque presenta un estudo insuficiente de alternativas e non consideración das mesmas respecto dos Plans de xestión de residuos, por exemplo, non contempla a que, de acordo cos Plans de xestión de



residuos actualmente vixentes, sería a mellor alternativa, a de empregar as instalacións actualmente existentes.

b) Na identificación da ubicación do proxecto e nas distancias aos núcleos de poboación sinalando distancias maiores das que realmente existen.

c) Omisións respecto da compatibilidade urbanística. Insuficiente e deficiente información sobre dotación e suficiencia de servizos, existentes ou previstos, tanto de accesos, como de saneamento ou abastecemento de auga.

d) Non se menciona o impacto territorial e paisaxístico do proxecto, incluído o dunha edificación a construír.

e) Nas medidas correctoras tanto para a xeración de ruído, pó ou da paisaxe e impacto na poboación próxima.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental permite, segundo o seu artigo 45.4, non admitir o Estudo por ser, o documento presentado, manifestamente inviable dende o punto de vista ambiental ou por carecer dunha mínima calidade na súa elaboración, e é o que debeu de ter feito o órgano ambiental.

A xeralización de situacións similares, en proxectos similares, debe facernos reflexionar sobre a necesidade de revisar a planificación para procurar unha maior racionalidade na implantación das plantas de tratamentos de residuos polo territorio, e a menor afección posible á paisaxe, ao medio ambiente e ao benestar da poboación, a través da revisión dos Plans de Residuos vixentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia, concretamente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a que:



- 1) Resolva que o proxecto **Planta de valorización e almacenamento de residuos industriais e urbanos non perigosos na parroquia de Oseiro, no concello de Arteixo**, debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria por ter efectos significativos sobre o medio ambiente.
- 2) Non autorice o Proxecto de instalación da Planta de valorización e almacenamento de residuos industriais e urbanos non perigosos na parroquia de Oseiro, no Concello de Arteixo.
- 3) Se revisen os plans de residuos para mellorar os aspectos medioambientais, paisaxísticos, urbanísticos e de dotación de infraestruturas na instalación deste tipo de plantas racionalizando a súa presenza no territorio.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sanchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 13:46:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 SET. 2017
Núm. 15181

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Ana Belén Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco xurídico e político instaurado desde 1978 consolidou o exercicio do poder centralista. O deseño institucional impediu o exercicio dun autogoberno real por parte de Galiza, ficando a capacidade política constrinxida a unha mera descentralización administrativa.


Baixo o modelo autonómico, Galiza non puido realmente exercitar opcións políticas e socioeconómicas propias e estivo supeditada sempre á planificación e ao deseño realizado polos sucesivos gobernos centrais, que se caracterizaron por marxinar o noso país.

As transformacións máis relevantes habidas nestas catro décadas foron produto de decisións onde Galiza nin participou nin tivo unha capacidade real de intervir a prol dos intereses das maiorías sociais de Galiza.

Se repararmos nas decisións estratéxicas que afectaron a Galiza, o papel desempeñado polas institucións autonómicas foi o de executor final, o propio deseño



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



político e institucional sempre situou nun lugar subordinado a Galiza e coutou calquera posibilidade de participación directa nas grandes decisións.

As institucións galegas, co rango competencial atribuído no marco actual, non decidiron directamente en asuntos que foron determinantes para o futuro do noso país. Unha ollada retrospectiva sobre os principais fitos políticos e económicos acontecidos ao longo destes anos constatan que Galiza tivo unha capacidade residual dacordo cos mecanismos establecidos no marco político institucional vixente. A integración na Unión Europea, cos efectos prexudiciais para sectores produtivos do país, a planificación das grandes infraestruturas, a reorganización do mapa financeiro galego, o deseño e aplicación do modelo tributario e de financiamento dos servizos básicos, a conformación dunha administración territorial propia que superara a decimonónica división provincial, por citar os máis ilustrativos, confirman que nunca houbo oportunidade desde Galiza de exercer un goberno con decisión e incidencia nas grandes definicións políticas que afectaron á nosa nación.

Mesmo co pretexto da crise, o propio marco político e institucional vixente despregou a capacidade plena para concentrar aínda máis o poder e para dar lexitimidade e respaldo legal a todas as iniciativas e medidas impostas dun xeito xerárquico e vertical ás decisións do Goberno central sobre todas as institucións. A denominada “recentralización” acometida nos últimos anos non constitúe soamente un proceso de asunción plena da capacidade de decisión política polas institucións centrais do Estado, senón a plasmación da vontade de manter un modelo político ferreamente controlado que negue calquera aspiración para avanzar democraticamente e permitir que cada nación poida determinar libremente o seu modelo institucional e de goberno. A constatación de que a centralización política pretende negar definitivamente a diversidade nacional do Estado español e seguir reforzando un deseño económico e social centralista contrario aos intereses das maiorías sociais de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 SET. 2017
Núm. 15181

Este deseño político e institucional tamén provocou resultados nefastos para o desenvolvemento de Galiza, para a prosperidade das maiorías sociais do país, dado que a maior parte dos indicadores demográficos e económicos evoluíron negativamente respecto doutros territorios e tamén moitas potencialidades do país víronse truncadas por decisións políticas adoptadas ou refrendadas (a partir da integración na Unión Europea) en Madrid.

Tamén, alén da análise socioeconómica, conlevou a través do sistema educativo e cultural dirixido desde as instancias centrais do Estado, a asimilación lingüística e cultural, desprazando a valorización da lingua e cultura galegas propias, relegando os elementos que nos identifican como nación.

A superación do modelo político vixente, dimanante da Constitución de 1978, acapara todo o protagonismo. O debate máis determinante no actual escenario político xira arredor da vontade de as nacións exercerem a súa soberanía, de avanzar cara un novo marco institucional baseado no exercicio da soberanía, do autogoberno real que leve aparelado a toma de decisións propias, no noso caso vinculadas exclusivamente aos intereses de Galiza.

Neste momento só caben dúas opcións, asistirmos como meros espectadores ou ben actuarmos como protagonistas para tomar as rédeas do noso futuro, facemos que Galiza se constrúa colectivamente desde o propio país sen agardar a que outros decidan por nós.

Non se pode negar lexitimidade a aspiracións de mudanza e superación do marco político que teña como horizonte construír un país mellor, avanzar na prosperidade para a maioría de galegas e de galegos. Porque precisamente ambos obxectivos só poden atinxirse baixo un novo marco institucional que recoñeza os dereitos das nacións,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 SET. 2017
Núm.15181.....

particularmente a exercer a soberanía e actuar con plena competencia nos asuntos fulcrais para o noso pobo. Un novo marco que ademais sexa unha panca para o progreso das galegas e galegos, pois non se trata simplemente de aspirar a decidir sobre o noso sen máis, senón porque en realidade aspiramos a mellorar as condicións de vida, a mantermos con orgullo os nosos sinais de identidade, e só partindo da plena soberanía e decisión desde Galiza poderemos avanzar decididamente na mellora do país.

Existen, ademais, grandes desafíos a que hoxe debemos dar resposta como país, como a crise demográfica, o despoboamento e desequilibrio territorial, o agravamento das desigualdades, a garantía da capacidade produtiva, o dereito ao emprego e a vivenda, a precariedade laboral e a marxinação da mocidade, a igualdade de xénero ou a evolución sociolingüística. Para os afrontar, resulta condición imprescindible unha acción política de fondo alcance, que actúe na remuda a fondo do marco político e institucional vixente, non simplemente en reformas superficiais ou parciais que manteñan unha estrutura política e económica que subordina e relega aos poderes galegos a seren executores de decisións consumadas.

A transformación do modelo político e institucional de Galiza ha de asentarse nos seguintes principios políticos:

- Podermos decidir na base produtiva e económica de Galiza para desenvolver unha promoción económica e do emprego adecuadas ás nosas potencialidades e capacidades.

- Contarmos cun modelo de financiamento propio en que a Galiza teña a plena capacidade para implantar unha política fiscal, desde a regulación até a recadación e xestión integrada a través dunha Facenda Galega, coa que facer uso pleno dos nosos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 SET. 2017
Núm.15181.....


recursos económicos para financiar os servizos públicos básicos e con iso poderemos aplicar políticas propias de redistribución social.

- Exercermos en exclusiva a planificación, dirección e xestión dos servizos públicos ligados ao benestar, para dar adecuada cobertura ás nosas especificidades.
- Impulsarmos sen interferencias, en todos os ámbitos, os elementos que nos conforman como pobo e nos identifican como nación (lingua, cultura, patrimonio,...)
- Deseñarmos e articularmos a ordenación territorial e a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza.
- Garantirmos a capacidade de decisión de Galiza nas institucións estatais, europeas e internacionais nos asuntos que nos afectan.
- Podermos exercer libremente relacións internacionais propias, entre outras cousas para negociar directamente acordos económicos con terceiros países ou para podermos aproveitar o inmenso potencial neste ámbito do mundo lusófono.

Neste momento político, nesta circunstancia histórica, cómpre ter a coraxe política de dar un paso adiante e afrontar o debate das alternativas e solucións aos graves problemas reais da sociedade galega, e non simplemente dunha perspectiva partillada senón dunha análise e visión de conxunto dos efectos limitativos que o réxime político constitucional impón. Galiza precisa de acceder a un novo modelo político e institucional que implique a capacidade real de decidir sobre os seus asuntos en función dos intereses do pobo galego. Estamos convencidos que non admite demora abordalo, tanto pola precaria situación socioeconómica que reclama solución inmediatas como pola



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



oportunidade derivada do momento político onde desde hai anos xa se situou como principal asunto no debate o modelo institucional.

Por todo iso, o BNG formula unha proposta para que se poña en marcha o proceso formal de revisión e superación do marco político e institucional vixente. O propio Parlamento de Galiza debe ser o foro idóneo onde se dea forma e protagonismo a este proceso, e dun xeito urxente para poder conformar unha proposta galega, un grande acordo de país que -perante as fondas mudanzas institucionais e políticas que viran- nos serva para expresar a concretar o modelo político e institucional que recoñeza a soberanía da Galiza e nos permita avanzar social, cultural, económica e politicamente como pobo.

Por todo iso, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Pleno do Parlamento galego acorda constituír unha ponencia específica que teña por obxecto a análise e elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galiza que garanta o noso dereito a decidir e sente as bases para o progreso e benestar do pobo galego.”

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 SET. 2017
Núm. 15181

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15193
Data envío: 04/09/2017 12:45:34.202

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente as campañas de saneamento gandeiro contemplan, tres enfermidades, concretamente en vacún, tuberculose, brucelose e leucose.

Nos últimos anos o número de casos positivos, tanto de brucelose como de tuberculose, estaba descendendo notablemente, sendo moi difícil atopar casos positivos na maior parte das comarcas do país.

O problema xorde no ano 2014, cando por directrices do Ministerio de Sanidade, que é quen ten realmente competencias nestes casos, cambian protocolos de actuación. E xorde porque comezan a apareceren un número moi elevado de resultados positivos nas probas reaccionantes para a detección de tuberculose bovina que posteriormente non se confirman nas probas post mortem que se realizan nos matadoiros.

Nalgúns casos, os poucos, dan a opción de facer unha segunda proba antes do sacrificio, o que lle chaman a proba comparada, e case ningún animal é positivo, evitando así o seu sacrificio.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15193
Data envío: 04/09/2017 12:45:34.202

Como consecuencia desta situación, ademais de se produci-lo sacrificio de numerosos animais que non deberían ter ese destino por se trataren de falsos positivos, tamén provoca a inmovilización das explotacións de onde proceden durante un período de tempo inadmisibile.

Ano tras ano dende o 14 vimos debatendo este tema aquí no Parlamento sen que por parte do goberno galego se tomen medidas razoables pra subsanar estas anomalías.

Como dato a ter en conta, ultimamente na comarca da Terrachá, sacrificáronse 150 animais, dos cales soamente 1 era positivo tra-la proba do matadoiro.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego alén de considerar imprescindible establecer medidas para garantir o resarcimento das explotacións a prezos que se axusten ó mercado polo sacrificio de reses e das perdas e lucro cesante como consecuencia destes e das inmovilizacións, cremos que é prioritario impulsar con urxencia as medidas necesarias para evita-los falsos positivos, mellorando o material e os protocolos, e mesmo establecendo contraanálises previas ao sacrificio.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

- Establecer métodos e materiais de diagnose que garantan a máxima fiabilidade dos resultados para evitar sacrificios e inmovilizacións innecesarias e establecendo para os casos de positivo unha segunda análise previa ao sacrificio.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Resarcir das perdas económicas ás explotacións afectadas modificando a normativa vixente de tal forma que se garanta unha compensación axeitada en caso de sacrificio de reses para non ocasionar perdas á explotación e que se establezan compensacións polo cese ou interrupción da actividade que provoque o sacrificio e/ou inmovilización nas explotacións.”

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/09/2017 12:42:40

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 12:42:44



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15193

Data envío: 04/09/2017 12:45:34.202

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 12:42:46

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2017 12:42:49

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2017 12:42:53

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 12:42:56

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez adxudicados os contratos de transporte da primeira fase do Plan de Transporte Público de Galiza obsérvanse as primeiras disfuncións, aínda que as eivas provocadas pola falla de planificación, precipitación e na participación social na elaboración observaranse a medio prazo.

Un repaso ao sucedido nos derradeiros anos mostra que a Xunta de Galiza actuou a golpe de sentenza e con improvisación.

A sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo que anulaba 129 concesións de transporte público por estrada, provocou a necesidade da elaboración urxente dunha Lei de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte de Galiza.

A Sentencia considerou que a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, incumpría o Regulamento 13/2007 que entrara en vigor anteriormente a dita resolución.

Nesta lei incluíase a elaboración dun novo Plan de Transporte de Galiza, instrumento mediante o cal se debería establecer a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da



Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.

A Lei incluía obrigatoriedade da prestación de servizo transitoriamente e, de feito, o obxectivo da Lei xa se precisaba na súa exposición de motivos :

“Non obstante, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte o previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector de transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo mapa de servizos.....Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009, no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos, facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei”.

O dito Plan de Transporte debe estar aprobado no prazo de 21 meses desde a entrada en vigor de dita Lei 10/2016 (entrou en vigor o 23/07/2016), garantíndose que os novos contratos de transporte se produza dentro do período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007.

Si non era suficiente coa Lei 10/2016, só cinco meses despois o Goberno presenta, na Lei de acompañamento, un conxunto de medidas que non só van directamente contra dos fundamentos e efectos xurídicos do fallo do TS senón



contra do Regulamento 1370/2007 e as súas directrices de interpretación do 2014.

1.- Art. 72.2. Previsión de novos servizos de transporte incluso antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, pero, ollo, que “se planifiquen co obxectivo de garantir a continuidade na explotación de tráfico nos que concorran as circunstancias que prevé o artigo 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007, e cuxa explotación se prevea coas limitacións temporais que establece o dito precepto. Esta norma resultará de aplicación aínda cando o novo servizo supoña unha reordenación en profundidade dos servizos abandonados ou en risco de abandono, incluso coa introdución, supresión ou modificación substancial dos tráfico que neles se prevían, ou coa inclusión de novas modalidades de prestación dos servizos, como servizos baixo demanda ou servizos integrados.

Igualmente, a Administración poderá acordar o establecemento doutros servizos, nonprevistos expresamente no Plan de Transporte Público de Galicia, que resulten coherentes coa súa planificación xeral e que se propoña implantar cunha duración temporalmente limitada, ben para a satisfacción de demandas puntuais de transporte, ben para a validación de solucións de mobilidade innovadoras, ou para a experimentación, limitada no tempo ou no territorio, de alternativas non previstas inicialmente na planificación de transporte”.

É notoria a actuación incumpridora do Goberno galego nesta cuestión confirmada por sentenza, pero tamén o é que se está a facer atropelada e precipitadamente o que debeu de ser un traballo de planificación de anos co fin de dotar a Galiza dun servizo de transporte público integral e adaptado a un proxecto de país establecido.



Isto xa é historia e non ten volta atrás pero compre tomar nota para tratar de non repetir erros.

Só quedan 10 meses para que, segundo a Lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do transporte de Galiza, teña que estar aprobado o novo Plan de Transporte de Galiza.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

Os ministros de pesca dos países da UE aprobaron o pasado 12 de maio un novo documento co obxectivo de defender unhas medidas técnicas máis simples para o sector pesqueiro, ou o que é o mesmo, reducir as normas sobre a conservación dos recursos e a protección dos ecosistemas mariños.

A pesar de que este documento aínda ten que pasar polo Parlamento Europeo e as negociacións dos trílogos entre Comisión, Consello e Parlamento Europeo, o certo é que se sentan unhas bases comúns tras a división que sobre este tema se producía nun primeiro momento no conxunto dos Estados Membro.

Para o Partido Popular de Galicia, este regulamento de Medidas Técnicas ten moitas cuestións mellorables, xa que nese afán de simplificación que ten a Unión Europea uniformízanse cousas que son diferentes e consideramos que debería ir máis en consonancia coa actividade que practica cada frota en cada caladoiro.

Por exemplo, a idea da UE de esixir unha mesma medida de malla para todo o Atlántico Nordeste non ten sentido xa que non é o mesmo a pesquería que se realiza no Cantábrico que a que se leva a cabo no Gran Sol ou no Mar do Norte.

O certo é que esta nova proposta se axusta máis á realidade actual e dá máis coherencia ao sistema vixente e resulta máis favorable aos intereses da flota galega.

Este grupo parlamentario sempre estivo comprometido con este asunto que busca mellorar as capacidades de traballo dos profesionais do mar e queremos que a así continúe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha estratexia de defensa da postura de Galicia, manifestada polo Consello Galego de Pesca, diante do marco decisorio europeo para adecuar ás nosas necesidades a normativa de medidas técnicas aplicables á pesca ”.

Santiago de Compostela, 5 de Setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 16:20:34

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 16:20:53

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 16:21:04

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 16:21:14

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 16:21:30

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 16:21:39

Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 16:21:49

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 16:22:16

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 16:22:46

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Hai uns días, un vídeo dado a coñecer polo biólogo Manuel E. Garci fíxose viral, xa que mostraba miles de cabalóns, (*Scomber japonicus*) mortos na pradeira de Zosteira marina da cara este da Illa de Toralla (Ría de Vigo).

Trátase dunha especie, tamén coñecida como xarda pintada, non sometida a cota, que se atopa abundantemente en toda Galicia este ano, e cun valor en lonxa máis baixo que o doutras especies. Polo tanto, son varias as hipóteses que se barallan respecto das posibles causas da morte desta gran cantidade de cabalóns: a aparición dun banco de peixes de maior valor, capturas accidentais, a imposibilidade de almacenaxe de toda a captura, ou incluso a advertencia dos servizos de salvamento. O que si que queda claro é que non se trata dunha causa natural de morte.

En calquera caso, trátase dun tema reincidente e práctica común que está a ocorrer non só en Toralla, senón tamén noutros lugares e hábitats sensibles, que requiren dunha solución, xa que ocasionan un problema ecolóxico e incluso poden constituír un problema sanitario.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a abrir unha investigación en relación coa morte masiva do cabalón ou xarda pintada en determinadas zonas de Galicia, en concreto na ría de Vigo.

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 05/09/2017 16:35:05

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2017 16:35:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2017 16:35:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos

Entre os anos 2003 e 2015 tense producido o período máis longo de descenso de vítimas mortais por accidente de tráfico en España. En Galicia concretamente, no período 2001-2014, o número de falecidos en accidente de tráfico reduciuse nun 70,6%.

Porén, a cifra de mortos por accidente de circulación tense incrementado no ano 2016, cifrándose en Galicia ata 19 vítimas mortais máis.

O Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 persegue, seguindo os obxectivos marcados pola Unión Europea e a ONU, que en 2020 o número de vítimas mortais nas estradas se reduza á metade dos falecidos en 2011.

No marco de este plan xa se están a acometer actuacións dirixidas a mellorar a seguridade viaria nas estradas autonómicas, coa dificultade que comporta nunha rede que conta con máis de 5.500 km de lonxitude.

Por iso, ao tempo que se segue actuando na mellora da rede viaria autonómica, cómpre implantar medidas dirixidas á protección dos seus usuarios máis vulnerables, como ciclistas, motoristas ou peóns.

Estase a producir unha media de dous accidentes semanais nos que se ven implicados ciclistas, na nosa Comunidade. E tamén é importante o número de accidentes de moto, nos que os motoristas resultan falecidos ou con lesións graves.

En consecuencia, debemos levar a cabo actuacións que reduzan os riscos para ciclistas e motoristas, e a entidade dos danos, en caso de sinistro, eliminando obstáculos, colocando barreiras e proteccións axeitadas ou adecuando cunetas.

O programa electoral co que o PPdeG gañou as eleccións autonómicas de 2016 recollía diversas medidas en materia de seguridade viaria, ás que daba prioridade ao contemplalas á cabeza do seu apartado sobre infraestruturas. Algunha delas, como as específicas para os ciclistas, xa recibiron o visto e praxe do Parlamento de Galicia a través dunha iniciativa deste grupo.

Da mesma forma queremos que outras liñas de actuación, como a execución de sendas peonís e carrís-bici, ou a instalación de sistemas de protección dos motoristas (SPMs), xunto coa concienciación dos usuarios para que leven a cabo unha condución máis responsable, contén co aval do Parlamento para a súa implantación, co obxectivo de reducir a sinistralidade pero, sobre todo, o número de vítimas mortais e de lesionados graves, e acadar os obxectivos marcados polo Plan de Seguridade Viaria 2016-2020.

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implantar medidas deseñadas para a mellora da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables nas estradas autonómicas, como peóns, ciclistas e motoristas, habilitando sendas, instalando sistemas de protección dos motoristas (SPMs), eliminando obstáculos e promovendo accións de formación e sensibilización”.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 18:54:30

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/09/2017 18:54:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15505
Data envío: 05/09/2017 19:01:33.602

Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 18:55:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/09/2017 18:55:26

Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 18:55:35

Jacobo Moreira Ferro na data 05/09/2017 18:55:47

Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 18:56:01

Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 18:56:18

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 18:56:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez e Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Desde que o Papa Calixto II, no século XII, concedera a Indulxencia Plenaria a todos os que visitaran a tumba do Apóstolo Santiago cada ano que a súa festividade, o 25 de xullo, coincide en domingo, moitos son os peregrinos que, desde todas as partes do mundo e percorrendo calquera dos Camiños de Santiago, se achegan ata Compostela, final das rutas xacobeas.

Santiago de Compostela, e toda Galicia, convértese así, durante todo un ano, de receptora de milleiros de persoas que, por motivos relixiosos, espirituais, culturais e outros, desexan render unha homenaxe ao Apóstolo Santiago.

O Ano Santo é un evento singular e único e a súa celebración representa unha oportunidade para a sociedade en xeral e, particularmente para o lugar de celebración, Santiago e Galicia.

O vindeiro 2021 será o terceiro ano do século XXI que será Ano Santo e, polo tanto, temos a oportunidade de celebrar un novo Xacobeo que porá o punto de mira de todo o mundo en Galicia e, fundamentalmente, en Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago.

Desde que en 1993, coincidindo cun Ano Santo, o goberno galego fixera unha forte aposta por revitalizar o Camiño de Santiago, temos asistido a un crecente recoñecemento da ruta xacobeas en todo o mundo.

O impulso ao Camiño ten un punto álxido coa celebración dos Xacobeos cada Ano Santo. Así foi co 1999, 2004 e 2010 e agora temos unha nova oportunidade no 2021, 11 anos despois do último Xacobeo, e cando constatamos ano a ano a maior afluencia de peregrinos cara a cidade santuario de Santiago de Compostela.

Para a celebración de todos os Xacobeos desde 1993 contamos cun instrumento que resultou moi importante para acadar os obxectivos que se marcaron e para contribuír a unha importante implicación do sector privado na revitalización da ruta xacobeas desde

todos os ámbitos: rehabilitación de inmobles do Camiño, promoción, programación cultural, recuperación e adecuación das sendas, etc..

Este instrumento son os beneficios fiscais a partir do recoñecemento do Ano Santo/Xacobeo como un evento de consideración de acontecemento de excepcional interese público aos efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar as xestións pertinentes ante o Goberno do Estado co fin de que, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2019, o Xacobeo 2021 acade a consideración de acontecemento de excepcional interese público aos efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fines lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, aplicables aos anos 2019, 2020 e 2021”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2017 09:56:21

Maria Antón Vilasánchez na data 06/09/2017 09:56:33

Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2017 09:56:40

María Isabel Novo Fariña na data 06/09/2017 09:56:49

Marta Novoa Iglesias na data 06/09/2017 09:56:56

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/09/2017 09:57:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/09/2017 09:57:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/09/2017 09:57:22

Paula Prado Del Río na data 06/09/2017 09:57:32

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas presentou varias iniciativas nas que se preguntaba sobre diversos aspectos da organización dos 28 campos de traballo que a Xunta de Galicia desenvolveu conxuntamente con algúns concellos galegos, co fin de impulsar a dinamización xuvenil, ao abeiro da campaña verán 2017 da Xunta de Galicia que organiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado baixo a lenda “O teu verán colle unha mochila”

Iniciativa, que a Xunta de Galicia presenta como unha ferramenta de educación non formal de mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, así como unha ferramenta de dinamización da vida xuvenil nos concellos galegos onde teñen lugar.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a través deste programa “Campos de traballo”, establece como obxectivo facilitar que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo: ambiental, patrimonial, arqueolóxica, social, etc; traballos diversos, como labores de conservación ambiental: limpeza de maleza e recollida de lixo, prevención de incendios e rexeneración de áreas queimadas, acondicionamento de camiños; protección da paisaxe tradicional e conservación de especies autóctonas; traballos de bioconstrución, recuperación de muíños e outros elementos da arquitectura popular, recuperación de rutas, con labores de sinalización, limpeza, dinamización e fomento do turismo ambiental; identificación de flora e fauna, traballos de arqueoloxía, limpeza, escavación, debuxo arqueolóxico, singlado; actividades de voluntariado social con persoas discapacitadas, maiores, etc; todas elas, tarefas que sen dúbida teñen unha incidencia e beneficios directos no contorno local no que se desenvolven as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.

Grupo Parlamentario

A resposta do Goberno galego a estas preguntas pon de manifesto a inexistencia de igualdade de oportunidades no acceso para todos os concellos galegos, así como a inexistencia de criterios obxectivos para establecer os convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos e entidades susceptibles de poder realizar este tipo de actividades.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar e publicar no DOG, no primeiro trimestre de cada ano en que se desenvolvan as actividades, as bases polas que se rexerán as actividades. Ditas bases deberían ser obxectivas e transparentes e, polo menos, deberían conter:

- a) Os requisitos de acceso para os concellos galegos, así como para as entidades sen fin de lucro que desexen participar.
- b) O financiamento por parte da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
- c) O cofinanciamento ao que deben facer fronte tanto os concellos como as entidades.
- d) Os prazos de solicitude.
- e) O prazo de concesión, non debendo ser máis tarde do mes de abril.
- f) O baremo de valoración das solicitudes, cun sistema de puntuación obxectivo, segundo as actividades que se pretendan desenvolver.

2º) Incrementar a partida orzamentaria dedicada á organización de campos de traballo co fin de que poidan acceder máis concellos a estas actividades.

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/09/2017 12:07:12

Noela Blanco Rodríguez na data 06/09/2017 12:07:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/09/2017 12:07:37

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2017 12:07:45

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/09/2017 12:07:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/09/2017 12:08:08

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados e deputadas Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O Concello de Lalín, que forma parte da Comarca do Deza, que conta cunha poboación de máis de 20.000 habitantes e que xunto con outros cinco concellos achegan un total de poboación de máis de 45.000 habitantes, mantén unha demanda histórica de mellora dos servizos sanitarios na vila.

Lalín conta hoxe cun Centro de Atención Primaria construído nos anos 70 e as pequenas ampliacións posteriores son absolutamente insuficientes para atender aos seus veciños e a outros da comarca.

A pirámide de poboación do concello e da comarca, xunto ás distancias con outros centros sanitarios, fan que a demanda da construción dun Centro de Alta Resolución (CAR) sexa unha reivindicación xusta e respaldada en numerosas ocasións de forma unánime pola corporación municipal.

Logo do fiasco do Goberno local do PP intentando xustificar a construción dun Hospital Comarcal en Lalín, a Consellería de Sanidade introducía no 2007 a proposta de construción do CAR que incluía a creación de novos servizos de

atención e diagnóstico.

Diversas intervencións do Goberno local do PP, durante aqueles anos, retrasaron o inicio do proceso de construción, sobre todo ofertando unha parcela considerada insuficiente pola Consellería, cando o resto de grupos da corporación propoñían terreos situados no Alto de Vales que xa contaban co uso dotacional esixido no planeamento e o tamaño adecuado para a construción do CAR.

Logo de que o Goberno municipal do PP mudase a súa posición ao respecto da construción do centro, no 2011 foi asinado un convenio entre o Concello de Lalín e o SERGAS para a construción desta infraestrutura sanitaria, convenio que foi incluído ou asumido no protocolo asinado no 2015, a 3 meses das eleccións locais, para o estudo de viabilidade do CAR, protocolo que non foi materializado en ningún dos aspectos contemplados.

O Acordo asinado no 2011 recollía a necesidade de que o concello puxese a disposición os terreos necesarios, aspecto este que o Concello de Lalín si cumpriu, coa adquisición duns terreos que tiveron un coste de 355.874€ , namentres a Consellería non cumpriu o seu compromiso de realizar a construción deste centro dentro do Plan de modernización de infraestruturas sanitarias, nin sequera a constitución dun grupo de traballo para tal fin, tamén contemplada no acordo.

Logo de todo este historial de incumprimentos, o Xerente do Sergas, en sede Parlamentar, afirmaba a súa intención de non levar adiante o compromiso de construción do CAR de Lalín, demostrando así a falla de compromiso do Goberno galego coa mellora da atención sanitaria de Lalín e a súa Comarca, castigando á cidadanía a unha atención sanitaria deficiente, simplemente por ter decidido democraticamente mudar o Goberno do seu concello, feito que un



gobierno sectario non perdoa e castiga de forma inaceptable coa vulneración dos acordos e dereitos sanitarios da cidadanía de Lalín e comarca.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate **en Pleno**.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Iniciar os trámites oportunos para a construción urxente do Centro de Alta Resolución de Lalín, concretando prazos e datas para a mesma.
- Repoñer a amortización de prazos e servizos do centro sanitario de Lalín.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Voceiro do G.P. de En Marea

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 06/09/2017 14:54:10

Antón Sánchez García na data 06/09/2017 14:54:17

Carmen Santos Queiruga na data 06/09/2017 14:54:23

Luis Villares Naveira na data 06/09/2017 14:54:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa as demoras tanto na avaliación como na concesión das prestacións as persoas en situación de dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñecía-se o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co “limbo da dependencia”, a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15656
Data envío: 07/09/2017 11:06:20.488

Mais a realidade é que a concreción dos dereitos recoñecidos na Lei non se están a facer nin en tempo nin en forma. Falta de orzamentos e de persoal suficientes, poucos medios, trámites burocráticos excesivos, colapsos en moitos dos servizos de xestión e atención...

Isto está a xerar retrasos escandalosos na resolución dos expedientes, e como consecuencia no recoñecemento e concesión das prestacións ás que as persoas en situación de dependencia teñen dereito.

A lexislación en vigor, establece 3 meses para facer valoración de grao de dependencia, dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para instrución e resolución do expediente, máis outros tres meses dende a resolución de grao e nivel para facer o PIA (Proposta Individual de Atención), é dicir asignación de recurso de atención.

Está a ser sistemático o incumprimento dos prazos de resolución. Expedientes sen resolver incluso durante anos cando a lexislación establece o prazo de meses. Segundo a información da que dispón o BNG a Xunta de Galiza está a tardar en rexistrar as solicitudes de dependencia unha media de 3 meses, acelerando só emerxencias e crianzas de menos de 3 anos.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha de xeito inmediato un plan de atención as persoas en listas de espera tanto para unha



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15656
Data envío: 07/09/2017 11:06:20.488

avaliación como para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia, coa dotación orzamentaria e de recursos materiais e humanos preciso.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 10:48:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 10:48:11

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 10:48:16



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15656
Data envío: 07/09/2017 11:06:20.488

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 10:48:19

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 10:48:22

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 10:48:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:21
Nº Rexistro: 15664
Data envío: 07/09/2017 11:21:07.468

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á desaparición de Santiago Maldonado e a represión do pobo mapuche en Arxentina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pobo mapuche conta na actualidade con 1.700.000 persoas repartida entre o sur de Arxentina (20% da poboación) e Chile (80%), sendo un dos poucos pobos indíxenas que resistiu á colonización española.

As comunidades mapuches reivindicán a propiedade sobre os territorios que historicamente lles pertencen, situados en territorio de Arxentina e Chile.

A finais do S.XIX Arxentina lanzou unha ofensiva militar contra os mapuches, que denominaron “Conquista del desierto”, despois de ser expulsados do seu territorio ancestral, as terras foron ocupadas polo estado e entregadas a empresas propiedade da inmigración europea.

Entre os terreos que reivindicán están 900.000 hectáreas que forman a Estancia Leleque, situadas no noroeste da provincia de Chubut , que quedou nas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:21
Nº Rexistro: 15664
Data envío: 07/09/2017 11:21:07.468

mans da “Compañía de Tierras Sud Argentina SA”, instalada en 1891, e que pasou en 1991 a formar parte da multinacional Benetton,

Segundo diferentes fontes nestes terreos Benetton ten 6.000 vacas, 40.000 ovellas, 20.000 ha con piñeiros e 4.000 ha con cereais e pasto.

Unha parte ínfima destas terras foi ocupada en marzo de 2015 polos mapuches creando a comunidade Pulof, no nordeste de Vuelta del Río, na provincia de Chubut. Unha das principais defensores da comunidade foi a organización Resistencia Ancestral Mapuche (RAM), cuxo dirixente Jones Huala foi detido de novo o 28 de xuño deste ano.

Esta detención ten desatado multitude de protestas para pedir a súa liberación, sempre rematadas con represión por parte das forzas policiais. Dentro destas mobilizacións, o 1 de agosto, un grupo de militantes e simpatizantes do RAM cortan a estrada da ruta 40 para pedir a liberación de Jones Huala. Esta mobilización foi disolta violentamente por parte da Xendarmería Arxentina, cargando contra as persoas que se estaban a manifestar.

Dentro deste grupo atopábase, mostrando solidariedade coa loita mapuche, Santiago Maldonado, un mozo de Bos Aires de 28 anos, que estaba vivindo na localidade do Bolsón. Desde entón nada se volveu saber del. Hai testemuñas que afirman que foi levado polas forzas de seguridade.

A comunidade mapuche de Cushamen denunciou a desaparición de Santiago Maldonado, ao non haber noticias del. As reclamacións e peticións esixindo a súa aparición non fixeron máis que aumentar, levando a unha multitudinaria manifestación na Praza de Maio ao cumprirse o mes da súa desaparición.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:21
Nº Rexistro: 15664
Data envío: 07/09/2017 11:21:07.468

Estamos ante un feito gravísimo, a desaparición forzada dun cidadán, nun país teoricamente democrático, no contexto dunha brutal represión levada a cabo pola Xerdaermería Nacional Arxentina contra o pobo mapuche, e con testemuñas que afirman que viron como foi levado á forza.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego súmase á familia e ás organizacións de defensa dos dereitos humanos en demanda da esixencia da aparición con vida de Santiago Maldonado e da depuración de responsabilidades, e a tal fin presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que demande ao Goberno de Arxentina:

-A realización de todas as accións precisas co fin de que Santiago Maldonado apareza con vida.

-A depuración de todas as responsabilidades, incluídas as do estado, derivadas desta desaparición e das violentas represións das protestas do pobo mapuche.

-O cese de todas as accións de represión que realiza contra o pobo mapuche.

-A liberdade d@s pres@s polític@s do pobo mapuche, a empezar polo seu líder Jones Huala.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:21
Nº Rexistro: 15664
Data envío: 07/09/2017 11:21:07.468

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 11:19:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 11:19:35

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 11:19:41

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 11:19:43

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 11:19:44

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 11:19:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15666
Data envío: 07/09/2017 11:28:03.614

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación límite de moitas autoescolas galegas diante da falta de persoal examinador e ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para paliar o seu impacto económico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde finais de xuño o colectivo de examinadores e examinadoras, diante da falta de acordo coa Dirección Xeral de Tráfico levan desenvolvido diferentes folgas sen achegarse por parte do Estado ningunha proposta firme de achegamento e salientando a falta de implicación da Xunta de Galiza para interceder no conflito.

Durante o mes de xullo, persoal das autoescolas iniciaron mobilizacións para denunciar unha situación límite. Por exemplo, o día 18 de xullo máis de 30 autoescolas da provincia de Ourense tomaron as rúas da cidade para esixir unha solución para un conflito que os afecta de forma directa. Segundo os seus cálculo, só en Ourense as repercusións económicas diante da falta de exames e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15666
Data envío: 07/09/2017 11:28:03.614

perda de alumnado pode afectar de forma directa a máis de 200 familias e supoñer o peche de moitas autoescolas, especialmente aquelas das pequenas e medianas vilas.

O pasado 4 de setembro, o colectivo de examinadores e examinadoras retomaron a folga parcial, que supuxo un cen por cen do seguimento en todas as grandes cidades do territorio agás A Coruña e Pontevedra. Continúa, polo tanto, unha situación que ten consecuencias importantes para moitas pequenas e medianas empresas do noso país, para moitos galegos e galegas pendentes de se examinar e sacar adiante a obtención do carné de conducir e tamén incerteza para moitos e moitas profesionais do colectivo examinador que continúan loitando polos seus dereitos malia a falta de diálogo do goberno central. Ademais, esta situación evidencia a irracionalidade de non termos en Galiza a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza viaria e seguranza pública.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galiza avalíe o seu impacto económico e leve a cabo iniciativas para paliar e para mellorar a xestión global do tráfico no noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15666
Data envío: 07/09/2017 11:28:03.614

- avaliar, en diálogo cos sectores afectados, o impacto da crise derivada dos conflitos coa Dirección Xeral de Tráfico e a necesidade de impulsar medidas fiscais e económicas para evitar o peche de pequenas e medianas empresas e o despedimento de traballadores e traballadoras.

- dirixirse ao Goberno Central para demandarlle a atención e negociación cos traballadores e traballadoras do persoal examinador de tráfico de cara a buscar un consenso.

- demandar do Goberno central a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza viaria e seguranza pública.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15666
Data envío: 07/09/2017 11:28:03.614

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 11:27:15

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 11:27:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 11:27:26

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 11:27:27

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 11:27:29

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 11:27:35

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, e da súa deputada, Noela Blanco Rodriguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As necesidades de servizos sanitarios do concello de Lalín exceden as posibilidades que ofrece o centro de saúde da vila, construído nos anos 70 e que presenta déficits que son dificilmente emendables, de tipo estrutural e que non pode responder á relevancia e entidade da poboación á que debe atender, condicionada pola súa radicación xeográfica, o ámbito de influencia e o volume poboacional.

Estas reivindicacións son xa permanentes dende hai moitos anos, e os diversos gobernos municipais tiveron distintas actuacións, de igual maneira que a Consellería de Sanidade tivo distintas posicións no modo de afrontar esta cuestión.

No ano 2007 comezouse a traballar, por parte da Consellería de Sanidade, na posibilidade da construción dun Centro de Alta Resolución en Lalín, de forma que se puidese dar saída a unha necesidade de servizo como a que se tiña. O Goberno local de entón puxo dificultades a aquel proxecto que, non entanto, quedaba encamiñado no 2009. Co cambio de Goberno autonómico, existiu maior entendemento entre o Concello, que deixou de poñer tantas dificultades, e a Consellería de Sanidade, e en 2010 anunciábase a construción do CAR no Alto de Vales, que se materializa en 2011 na sinatura dun convenio de colaboración para este proxecto. Este convenio nunca foi materializado nos seus puntos ata 2015, novamente eleccións municipais, no que se asina novamente un protocolo de cooperación entre as institucións, que o PP dá visibilidade no Parlamento de Galicia a través dunha iniciativa parlamentaria aprobada e que pretende poñer en valor tal acordo e a próxima construción do CAR.

Para poder chegar a ese punto, o Concello de Lalín fixo un grande esforzo coa adquisición dos terreos por diversas vías, asumindo o Concello todo o custe deste proceso e que supuxo algunhas renuncias a outros investimentos e necesidades.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O cambio de Goberno municipal en Lalín provocou o cambio de actitude da Consellería de Sanidade, quen dende 2015 fixo oídos xordos ás peticións do Concello de Lalín dos avances necesarios, e que ata este momento alcanza o feito de non dar resposta nin recibir ao alcalde de Lalín e aos membros do Goberno municipal. En xuño de 2017, na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, o xerente do Sergas asumiu que a infraestrutura, agora, non era “prioritaria”. No mesmo tempo, o Concello de Lalín aprobou por unanimidade unha moción que solicita, entre outras cuestións, o cumprimento dos acordos asinados e o inicio das obras para a construción do CAR.

Esta sucesión de acontecementos amosa unha obvia intencionalidade do Partido Popular, local e autonómico, de utilizar as necesidades sanitarias dos veciños de Lalín e a contorna afectada como ferramenta meramente electoralista pero con nulas intencións reais de dar resposta, así como de bloquear as accións e iniciativas do Goberno Municipal toda vez que non é rexido por un alcalde do seu partido.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1ª) Activar os mecanismos necesarios para iniciar, á maior brevidade posible, as obras de construción do CAR de Lalín no Alto de Vales.
- 2ª) Responder á maior brevidade ás cuestións demandadas polo Goberno Municipal de Lalín ante a Consellería de Sanidade, e recibir aos seus representantes para explicar o procedemento a seguir.
- 3ª) Clarexar publicamente a posición do Goberno de Galicia sobre a necesidade de mellorar os servizos sanitarios en Lalín a través da construción do CAR.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2017

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2017 13:23:42

Noela Blanco Rodríguez na data 07/09/2017 13:23:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/09/2017 13:24:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, advertido un erro nas iniciativas cós números de rexistro **13347** e **13348**, correspondentes a unha proposición non de lei en Comisión e unha proposición non de lei en Pleno, solicitan a **retirada** de ambas iniciativas.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/09/2017 11:42:47

César Manuel Fernández Gil na data 07/09/2017 11:42:58

Maria Antón Vilasánchez na data 07/09/2017 11:43:01

Teresa Egerique Mosquera na data 07/09/2017 11:43:08

Carlos Gómez Salgado na data 07/09/2017 11:43:19

Carlos Enrique López Crespo na data 07/09/2017 11:43:30

Moisés Rodríguez Pérez na data 07/09/2017 11:43:42

Antonio Mouriño Villar na data 07/09/2017 11:43:50

Martín Fernández Prado na data 07/09/2017 11:44:01

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, María Julia Rodríguez Barreira e César Fernández Gil**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 1ª, Institucional, administración xeral, xustiza e interior**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de acordar cando antes a convocatoria da comisión de seguimento do Plan de urxencia polas demandas das cláusulas chan.

Exposición de motivos:

O pasado 25 de maio, o Consello Xeral do Poder Xudicial aprobara a especialización de 54 xulgados para coñecer dos litixios polas cláusulas chan –un por provincia na península e un en cada unha das principais illas-, que a partir do 1 de xuño asumirían o coñecemento, de xeito exclusivo e non excluín-te, dos litixios relacionados coas condicións xerais incluídas en contratos de financiación con garantías reais inmobiliarias cuxo prestatario sexa unha persoa física.

A medida acordada polo Consello Xeral do Poder Xudicial no denominado “plan de urxencia” contemplou que os xulgados especializados de quince grandes cidades (Málaga, Sevilla, Zaragoza, Las Palmas de Gran Canaria, Valladolid, Toledo, Barcelona, Alicante, Valencia, A Coruña, Vigo, Palma, Madrid, Murcia e Bilbao) contaran dende o seu inicio cun xuíz en función de substitución e reforzo de entre os xuíces en prácticas da 67ª promoción da Escola Xudicial, así como o persoal ao servizo da Administración de xustiza e letrados da Administración de xustiza que consonte ao plan de urxencia determinou en distintos niveis en atención ao volume de asuntos.

Deste xeito, na Comunidade Autónoma de Galicia, o Consello Xeral do Poder Xudicial especializou un xulgado en cada provincia, a saber: o xulgado de primeira instancia nº 7 da Coruña, o nº 2 de Lugo, o nº 4 de Ourense e o nº 14 de Vigo, coas correspondentes medidas en función dos niveis que distinguía o informe do Consello

Xeral do Poder Xudicial que serve de soporte a plan de urxencia de especialización de xulgados en materia de cláusulas adoito.

Concretamente, nos xulgados especializados que non superasen a entrada de 400 asuntos nesta materia, a medida consistía de maneira inicial na exención de repartición de asuntos ordinarios; e naqueles xulgados especializados cunha entrada entre 400 e 900 asuntos, integraríase coa dotación de persoal xudicial e auxiliar que describe o plan, que é o que aconteceu nos xulgados de Primeira Instancia nº 7 da Coruña e núm. 14 de Vigo.

A día de hoxe, a entrada de litixios na materia que están a rexistrar os xulgados especializados nas provincias da Coruña e Vigo excede os 900 asuntos, polo que comprería a revisión das medidas adoptadas consonte as dotacións propostas no plan de urxencia do Consello Xeral do Poder Xudicial.

É por isto que cómpre avaliar, na canle institucional establecido para isto, a evolución das medidas actuais e a adopción, de ser o caso, das novas medidas que resulten procedentes.

Polo tanto, e de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a solicitar do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Ministerio de Xustiza a convocatoria urxente da comisión de seguimento do Plan de urxencia polas demandas das cláusulas chan, co obxecto de valorar as medidas de reforzo precisas á vista do actual volume de entrada de asuntos nos xulgados”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/09/2017 18:18:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
